



## 4ª ACTA DE ASAMBLEA DE DELEGADOS/AS 15 de Marzo de 2005

Reunidos a Xefa de Estudos e os seguintes 17 delegados e delegadas e subdelegados e subdelegadas de grupo:

- 1) Ramón J. Lamelo Otero
- 2) Mariano Rei Mosteiro
- 3) Xoán Lopez Facal
- 4) Saleta Alberti Pulet
- 5) Xabier Fernández Cardama
- 6) Alfonso Cambón Arcedo
- 7) Celia Álvarez Rodríguez
- 8) María Luísa Mella Louzao
- 9) Ana Belén Cotón Souto
- 10) María Portals Bouzas
- 11) Cristina Creo Santos
- 12) Mª Carmen Burés Quíntana
- 13) Mª Concepción Villamarín Taboada
- 14) Pilar Sanmartín Carreira
- 15) Esperanza Souto Barros
- 16) José Paz Abelenda
- 17) Marta Hernández Vidal

Se decide:

1º Lectura e aprobación da acta anterior

2º Sobre o tema da validación dos títulos da EOI como créditos de libre configuración na UDC:

- a. Informouse do contido da acta do Consello de Goberno do 20/12/2005 no tocante a este tema. A aprobación das validacións

segue en trámite. As administracións da Consellería e da Universidade esquivan as súas competencias designándose mutuamente como responsables.

- b. Comunicouse a existencia dun convenio entre a USC e a Alianza Francesa, sendo esta unha empresa privada.
- c. Escollerase una pequena comisión de delegadas e delegados que fagan entrega da instancia na Consellería en Representación dos restantes delegados e delegadas.
- d. Acórdase dirixir un escrito de reclamación e protesta tamén a USC. Será entregado ó seu vicerrector igualmente por unha comisión representativa de delegados e delegadas.
- e. Decidiuse ter en consideración o número de estudantes comúns á USC e a EOI.

3º Intentarase facer extensiva a nosa esixencia de validación dos títulos da EOI na UNED.

4º O Comité de Normalización lingüística organiza un concurso de relato curto para o Día das Letras Galegas co tema “Emigración e Inmigración”. Solicítase a colaboración dun delegado ou delegada como membro do xurado.

5º O exame de 3º de Inglés está fixado para o 6 de Xuño ás 9 da mañá, o cal supón un grave problema para os traballadores e traballadoras. En protesta polas datas dos exames propónse a redacción dun escrito dirixido a Consellería. Solicítase que teñan lugar os días non laborables, como no caso das oposicións.

6º Ante a ausencia de voluntarios para o cargo de secretario/a, escollerase por sorteo na vindeira reunión.

7º Fixase a data da próxima reunión para o xoves, 17 de marzo de 2005 de 17:00 a 17:30. A orde do día prevista é a seguinte:

- a. Lectura, modificación e asinamento do borrador do escrito que será dirixido á Consellería de Educación reclamando a validación dos títulos da EOI como créditos de libre configuración na UDC.
- b. Elección por sorteo dun/dunha novo/a candidato/a para o posto de secretario/a para a xunta de delegación.
- c. Rolda aberta de intervencións

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2005,

Vº e Prace do Presidente

A Secretaria

Asdo.: Xabier Fernández Cardama

Asdo.: Lucía Espona Pernas